



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

**Afiliacións medias en abril de 2023**

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2023

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web: <http://www.ige.gal>

## 1.- Información xeral

O número medio de afiliacións<sup>1</sup> ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de abril do ano 2023 acadou a cifra de 1.050.315 para o total do sistema, o que supón un aumento respecto ao pasado mes de marzo de 2023 de 6.784 afiliacións (0,65%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 20.614.989, rexistrando un aumento do 1,17% con respecto ao pasado mes de marzo.

Na comparativa interanual (abril de 2023 con abril de 2022) obsérvase un aumento de 16.317 afiliacións no total do sistema en Galicia (1,58%) e un aumento do 2,98% (595.908 afiliacións) no conxunto estatal.


Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de marzo de 2023, rexístrase unha subida das afiliacións en todas as comunidades autónomas; sendo Illes Balears, Cantabria, Andalucía e Murcia as que presentan subidas relativas superiores á media nacional, destacando Illes Balears cunha taxa intermensual do 11,92%. En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas en todas as comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Illes Balears, Canarias e Madrid con taxas interanuais superiores ao 4,00%.

**Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS**

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA ABRIL 2023	VARIACIONES			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
<b>España</b>	<b>20.614.989</b>	<b>238.436</b>	<b>1,17</b>	<b>595.908</b>	<b>2,98</b>
<b>Galicia</b>	<b>1.050.315</b>	<b>6.784</b>	<b>0,65</b>	<b>16.317</b>	<b>1,58</b>
Andalucía	3.386.504	52.499	1,57	98.758	3,00
Aragón	597.000	2.082	0,35	11.822	2,02
Asturias	375.814	3.249	0,87	4.684	1,26
Illes Balears	552.291	58.832	11,92	34.008	6,56
Canarias	877.258	4.558	0,52	38.210	4,55
Cantabria	227.628	3.655	1,63	3.653	1,63
Castilla La Mancha	758.807	8.024	1,07	13.975	1,88
Castilla y León	946.561	6.500	0,69	15.832	1,70
Cataluña	3.675.730	38.626	1,06	113.627	3,19
Comunitat Valenciana	2.086.899	18.361	0,89	60.066	2,96
Extremadura	407.084	4.535	1,13	5.247	1,31
Madrid	3.547.671	15.280	0,43	142.177	4,17
Murcia	641.515	9.248	1,46	13.173	2,10
Navarra	303.769	2.832	0,94	6.183	2,08
País Vasco	997.243	2.588	0,26	14.753	1,50
La Rioja	134.654	571	0,43	1.812	1,36
Ceuta e Melilla	48.246	214	0,44	1.610	3,45

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

<sup>1</sup> O Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## 2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. Pontevedra é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 1,76%, o que supón 6.344 afiliacións máis, seguida de A Coruña (1,71%), Ourense (1,18%) e Lugo (0,91%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de abril con respecto ás do mes de marzo, rexistrouse en Galicia un incremento do 0,65%. Lugo presenta o maior incremento cunha taxa de variación intermensual do 1,00%, seguida de Pontevedra (0,66%), A Coruña (0,60%) e Ourense (0,42%).

**Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS**

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA ABRIL 2023	VARIACIÓN			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	454.935	2.719	0,60	7.640	1,71
LUGO	123.894	1.227	1,00	1.116	0,91
OURENSE	104.183	439	0,42	1.218	1,18
PONTEVEDRA	367.302	2.399	0,66	6.344	1,76
<b>GALICIA</b>	<b>1.050.315</b>	<b>6.784</b>	<b>0,65</b>	<b>16.317</b>	<b>1,58</b>
<b>ESPAÑA</b>	<b>20.614.989</b>	<b>238.436</b>	<b>1,17</b>	<b>595.908</b>	<b>2,98</b>


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

### 3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 78,52% das afiliacións galegas en abril de 2023, aumentou un 0,76% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 2,28%. En España estas taxas foron do 1,32% con respecto a marzo de 2023 e do 3,56% en relación ao mes de abril de 2022. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (73,05%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, as catro provincias galegas amosan unha taxa de variación interanual negativa; Ourense (-2,10%), Lugo (-1,95%), A Coruña (-1,01%) e Pontevedra (-0,18%). A media da comunidade galega sitúase entón no -1,01%. Para este réxime e con respecto ao mes de marzo de 2023, suben as catro provincias galegas; Pontevedra (0,19%), A Coruña (0,19%), Ourense (0,17%) e Lugo (0,10%), resultando para o conxunto de Galicia unha taxa intermensual do 0,17%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual do 0,08% e unha subida intermensual do 0,39%.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a abril de 2022, suben Lugo (2,67%) e Pontevedra (0,86%) e baixa A Coruña (-1,93%). A taxa galega acaba entón o 0,19%, inferior á de España (1,58%). Con respecto a marzo de 2023, Lugo presenta un aumento do 1,63%, seguida da Coruña cun aumento do 1,53% e Pontevedra cun aumento do 0,58%. A taxa galega amosa un incremento do 0,92% con respecto a marzo de 2023. A taxa nacional é do 2,92%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

**Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS**

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA ABRIL 2023	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES ANTERIOR	INTERANUAL
<b>TOTAL SISTEMA</b>			
A CORUÑA	454.935	0,60	1,71
LUGO	123.894	1,00	0,91
OURENSE	104.183	0,42	1,18
PONTEVEDRA	367.302	0,66	1,76
GALICIA	1.050.315	0,65	1,58
ESPAÑA	20.614.989	1,17	2,98
<b>R. XERAL</b>			
A CORUÑA	365.466	0,68	2,41
LUGO	90.501	1,31	1,93
OURENSE	81.526	0,49	2,14
PONTEVEDRA	287.165	0,77	2,26
GALICIA	824.658	0,76	2,28
ESPAÑA	17.215.525	1,32	3,56
<b>R. ESPECIAL AUTÓNOMOS</b>			
A CORUÑA	83.921	0,19	-1,01
LUGO	31.904	0,10	-1,95
OURENSE	22.657	0,17	-2,10
PONTEVEDRA	67.367	0,19	-0,18
GALICIA	205.849	0,17	-1,01
ESPAÑA	3.335.194	0,39	0,08
<b>R. ESPECIAL DO MAR</b>			
A CORUÑA	5.548	1,53	-1,93
LUGO	1.489	1,63	2,67
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.770	0,58	0,86
GALICIA	19.807	0,92	0,19
ESPAÑA	63.316	2,92	1,58

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

#### 4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## Notas metodolóxicas

**Traballadores afiliados:** a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á "Tesorería General de la Seguridad Social" e ao "Instituto Social de la Marina". A explotación é efectuada pola "Gerencia de Informática de la Seguridad Social".

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>